

Unha aventura conxunta...

Coñece máis sobre o programa Apego na web www.apego.gal ou na páxina de facebook Apego

Se estades a agardar un bebé..., parabéns!, podedes achegarvos polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames para inscribiros no proxecto Apego e recibirdes os agasallos de benvida! :-)

Se tedes fillas ou fillos de ata 6 anos, tamén podedes dirixirvos ao Servizo de Normalización Lingüística para inscribiros no programa Apego e así recibirdes información sobre todas as actividades e recursos.



+info:

Servizo de Normalización Lingüística
Concello de Ames
Pazo da Peregrina (Bertamiráns)
662 377 215
normalizacion@concellodeames.gal
www.concellodeames.gal



www.apego.gal



Abril

Contos, lerias e cousas pequenas

Vero Rilo

Venres 24, ás 18:00 h
Pazo da Peregrina de Bertamiráns



... "Unha, dole, tele, catole, quile, quilete, pan de molete, ñam-ñam-ñam... ñam-ñam-ñete..."

Unha sesión de narración oral para público familiar con contos e lerias para pacientes, para impacientes, para tremer de medo, para o mal tempo boa cara... e para amarse e durmir quentiños.

A partir de 3 anos. De balde.
INSCRIPCIÓN PREVIA do 16 ao 23 abril enviando un correo a normalizacion@concellodeames.gal
+INFO:SNL

Maio

Troula

Uxía Lambona e a Banda Molona

Venres 8, ás 18:00 h
Casa da Cultura do Milladoiro



A banda musical máis molona ofrécenos un "desconcerto" participativo cheo de bailes, xogos, coreografías e algunha que outra sorpresa. Poderemos escoitar desde A Carolina "rapeada" ata O Ghatto "rockeiro"... pasando por outros moitos temas tradicionais actualizados.

Público familiar. De balde. RESERVA DE CONVITES na @billeiteira a partir do 28 de abril. +INFO: SNL

Contacontos na Biblioteca

Todos os contacontos comezan ás 17:30 h



• **Coma gatos e ratos**
Mércores 13. Biblioteca do Milladoiro
Xoves 14. Biblioteca de Bertamiráns

Maio



• **Lobos ou lobiños, auuuuuu!**
Mércores 27. Biblioteca de Bertamiráns
Xoves 28. Biblioteca do Milladoiro

De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde.
+ INFO: Biblioteca

Carvalho Calero no carreiro

Vero Rilo e Sonsoles Penadique

Venres 15, ás 18:00 h
Casa da Cultura do Milladoiro



Unha viaxe polas terras da lusofonía para contar, cantar, bailar e brincar con contos de tradición oral e con música galega e portuguesa.

Público familiar De balde. RESERVA DE CONVITES na @billeiteira a partir do 6 de maio. +INFO:SNL

Foliada con Apego

Con Silvia Cerneira (A Banda da Balbina)

Venres 29, ás 18.00 h
Pazo da Peregrina de Bertamiráns

FOLIADA apego

Un encontro para coñecerse, compartir, cantar e ir aprendendo unha chea de cantos de noso.

Familias con nen@s sen límite de idade. De balde.
INSCRIPCIÓN PREVIA do 21 ao 28 de maio enviando un correo a normalizacion@concellodeames.gal. +INFO: SNL

INFORMACIÓN DE ACTIVIDADES

Concello de Ames Praza do Concello 2
T: 981 883 002

Cultura Casa da Cultura do Milladoiro
T: 981 535 940 cultura@concellodeames.gal

Biblioteca biblioteca@concellodeames.gal
T: 981 530 807 (O Milladoiro) | 981 884 829 (Bertamiráns)

Servizo de Normalización Lingüística
normalizacion@concellodeames.gal T: 662 377 215

@Billeiteira abilleiteira@concellodeames.gal

Programación infantil con

apego

Ames 20

Caracol, caracol, deita os corniños ao sol!



Febreiro

Contacontos na biblioteca

Todos os contacontos comezan ás 17:30 h

• Contos para rir



Mércores 5.
Biblioteca de Bertamiráns
Xoves 6.
Biblioteca do Milladoiro

• Nais; non hai dúas iguais



Mércores 19. Biblioteca do Milladoiro
Xoves 20. Biblioteca de Bertamiráns

De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde.
+ INFO: Biblioteca

Bravas. O Rexurdir da luz!

A Gramola Gominola

Venres 7, ás 18:00 h

Casa da Cultura de Bertamiráns

Un concerto roqueiro protagonizado por mulleres que inspiran e dan luz ao mundo mentres viven unha chea de aventuras. A Megatronca, a Superlingua, a Paz e moitas máis empregan os seus poderes para loitaren contra o abuso escolar, defenderen a lingua, protexeren a natureza e visibilizaren as emocións.

Público infantil a partir de 4 anos. Entradas: @Billeteira.
+INFO: Cultura



Comerá o bebé?

Cris de Caldas e Xabi do Camiño

Xoves 13, ás 17:30 e ás 18:30 h
Pazo da Peregrina de Bertamiráns

Contos, poemas, xogos de mans, música e moito máis. Cris e Xabi presentarán unha magnífica recompilación da nosa tradición oral con música en directo, e coa comida como fío condutor.

Familias que estean agardando un bebé ou con crianzas ata 3 anos. De balde.
INSCRICIÓN PREVIA do 5 ao 12 de febreiro enviando un correo a normalizacion@concellodeames.gal. +INFO: SNL




Febreiro

Foliada con Apego

Con Pablo Díaz e Olga Kirk

Venres 21, ás 18.00 h
Pazo da Peregrina de Bertamiráns



FOLIADA con Apego

Un encontro para coñecerse, compartir, cantar e ir aprendendo unha chea de cantos de noso.

Familias con nen@s sen límite de idade. De balde.
INSCRICIÓN PREVIA do 13 ao 20 de febreiro enviando un correo a normalizacion@concellodeames.gal.
+INFO: SNL

Arrolos e colos musicais

Leticia Falcón

Sábado 29, ás 11:00 e ás 12:00 h

Casa da Cultura do Milladoiro
(Aula de usos múltiples)



A especialista en estimulación musical temperá, Leticia Falcón ofrécenos un obradoiro de arrolos e colos con música en directo para achegar as crianzas á música e á lingua.

Familias que estean agardando un bebé ou con crianzas que aínda non anden. 15 familias por sesión. De balde.
INSCRICIÓN PREVIA do 21 ao 28 de febreiro enviando un correo a normalizacion@concellodeames.gal. +INFO: SNL

Marzo

Contacontos na Biblioteca

Todos os contacontos comezan ás 17:30 h

• Contacontos en "Lila"



Mércores 4. Biblioteca de Bertamiráns
Xoves 5. Biblioteca do Milladoiro

• Coñeces estes contos? Estás seguro?



Martes 17. Biblioteca de Bertamiráns
Mércores 18. Biblioteca do Milladoiro

De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde.
+ INFO: Biblioteca

SÓ Xampatito pato



Novo Circo

Venres 6, ás 18:00 h

Casa da Cultura do Milladoiro

Xogos, pelotas, equilibrios imposibles, caixas dentro doutras caixas, caixas con vida propia ou pelotas que rebotan. Un caos do que xorde un universo onde nada é o que parece.

Público infantil a partir de 4 anos.
Entradas: @Billeteira. +INFO: Cultura



Barquiño de Pau

A Tropa de Trapo

Venres 13, ás 18:00 h
Pazo da Peregrina de Bertamiráns

Teatro de obxectos e música cos que explorar os sentidos dunha maneira amena e participativa. O acordeón, a mandola portuguesa, o dizi chinés ou o propio corpo poñerán a música que acompañará as texturas da buguina, da auga, do papel, da tea... para recitar poemas, xogar coas palabras e debuxar ideas.

De 0 a 6 anos. De balde. INSCRICIÓN PREVIA do 5 ao 12 de marzo enviando un correo a normalizacion@concellodeames.gal. +INFO: SNL

Lambetadas

Talía Teatro

Venres 27, ás 18:00 h

Casa da Cultura de Bertamiráns



Un espectáculo con moito humor para descubrir que coa lingua propia se poden saborear as lambetadas máis doces e variadas.

De 6 a 11 anos. Entradas: @Billeteira. +INFO: Cultura

Abril

Contacontos na Biblioteca

Todos os contacontos comezan ás 17:30 h

• Croa que croa



Mércores 1. Biblioteca de Bertamiráns
Xoves 2. Biblioteca do Milladoiro

• Historias monstruosas



Mércores 15. Biblioteca do Milladoiro
Xoves 16. Biblioteca de Bertamiráns

• Xa somos grandes



Mércores 29. Biblioteca de Bertamiráns
Xoves 30. Biblioteca do Milladoiro

De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde. + INFO: Biblioteca

Pakolas en concerto

Paco Cerdeira

Venres 3, ás 18:00 h

Casa da Cultura do Milladoiro

Paco Cerdeira, Pakolas, interpreta en directo unha escolla dos seus temas para público infantil, con música que xira ao redor do rock e doutros estilos modernos.

O son que me Arrola

Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy

Sábado 18, ás 12:00 h
Casa da Cultura do Milladoiro
(Aula de usos múltiples)



Espectáculo de música en directo para aprendermos cantos de berce, lerias e enredos dun xeito divertido e participativo.

De 0 a 3 anos. De balde.
INSCRICIÓN PREVIA do 13 ao 17 abril enviando un correo a normalizacion@concellodeames.gal.
+INFO:SNL



Público infantil e familiar. De balde. RESERVA DE CONVITES na @Billeteira a partir do 25 de marzo.
+INFO:SNL